

Mediante resolución de alcaldía número 1618/2025, do 30 de decembro, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas no proceso para a cobertura mediante comisión de servizos de dous postos vacantes de policía local. O texto íntegro é o seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA DE DOUS POSTOS DE POLICÍA LOCAL

Expediente: 2025/E001/000028; 2025/G003/001599

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1444/2025, do 19.11.2025, aprobáronse as bases para a cobertura mediante comisión de servizos voluntaria de dous postos de policía local no departamento de Seguridade, ao abeiro do art. 96 da LEPG (Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

A tal efecto publicouse no BOP núm. 226, do 25.11.2025 un anuncio de dita convocatoria. Este anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 10.12.2025, incluído.

No prazo habilitado ao efecto consta a presentación dunha solicitude de participación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sétima das reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

-Persoas aspirantes admitidas:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1.	Menasalvas Ladrón, Ginés	***3679**

-Persoas aspirantes excluídas: non constan

1. Non achega copia do DNI
2. Non achega instancia consonte ao anexo I
3. Non achega a relación de méritos para a súa valoración
4. Non achega certificado do Concello de orixe acreditativo de que se atopa en situación de servizo activo efectivo

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de dez (2) días hábiles para que as persoas aspirantes poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base cuarta.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.``

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.